



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio do monte veciñal en man común "Meda, Victón e Mallada Grande" integrado por 1.388,6 ha que proceden 270,6 ha do consorcio "Touza" OR-2020, 471 ha que proceden do consorcio "Travesa" OR-2021, 106 ha que proceden do consorcio "Mallada Grande e Lastredo" OR-2024 e 541 ha que proceden do consorcio "Vectón e Cabeza do Muiño" OR-2086, da pertenza dos veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos, no concello de Laza, Ourense, presentada en data 06/06/2011 conforme ao acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en data 07/11/2009, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º- Que o 25 de marzo de 1976 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da provincia de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñal en man común o monte denominado "Meda, Victón e Mallada Grande", da pertenza dos veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos, concello de Laza, da provincia de Ourense.

2º- Que o consorcio "Touza" OR-2020 de 2.699 ha, foi realizado a través da Excmá Deputación Provincial de Ourense no ano 1.948. Na actualidade, logo da rescisión do convenio 32155111 da pertenza de Souteliño, Laza e Cimadevila (1.209 has); da segregación do convenio 32155136 da pertenza de Vilameá (87,50 has); da segregación do convenio 3215583 da pertenza de Carraxo e Soutelo verde (801,9 ha) e da segregación do convenio 32155219 da pertenza de Carraxo e O Santo (330 has) , conta cunha superficie de 270,6 has, todas da pertenza de Matamá, Retorta e Arcucelos.

3º.- Que o consorcio "Travesa" OR-2021 de 788 ha, foi realizado a través da Excmá Deputación Provincial de Ourense no ano 1.948. Na actualidade, logo da rescisión dos convenios 32155111 (163 has) e 3215591 (154 has), ámbolos dous da pertenza de Souteliño, Laza e Cimadevila, conta cunha superficie de 471 has, todas da pertenza de Matamá, Retorta e Arcucelos.

4º.- Que o consorcio "Mallada Grande e Lastredo" OR-2024 de 1.013 ha, foi realizado a través da Excmá Deputación Provincial de Ourense no ano 1.948. Na actualidade, logo da rescisión do convenio 32155191 da pertenza de Souteliño, Laza e Cimadevila (791 has), da segregación do convenio 32155130 da pertenza de Eiras (73 has) e da segregación do convenio 32155221 da pertenza de Trez (33,50 has), conta cunha superficie de 115,5 has, 106 has da pertenza de Matamá, Retorta e Arcucelos; e 9,5 has da pertenza de Correchouso.

5º.- Que o consorcio "Vectón e Cabeza do Muiño" OR-2086 de 645 ha, foi realizado a través da Excmá Deputación Provincial de Ourense no ano 1955. Na actualidade non foi obxecto de rescisión nin segregación algunha, polo que mantén integra a súa superficie de 645 has, das que 541 has pertencen a comunidade de veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos e 104 has a comunidade de veciños de Matamá e Eiras.

6º.- Que o convenio que se propón quedará integrado por 1388,6 ha, provintes dos consorcios OR-2020, 270,6 ha, OR-2021, 471 ha, OR-2024, 106 ha e OR-2086 541 ha.

7º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretenden transformar os consorcios existentes a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.



8º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 30 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellería do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

9º.- Que segundo as contas dos consorcios o monte “Meda, Victón e Mallada Grande” ten un saldo de 105.800,79 €, a favor da Xunta de Galicia.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características

Nome: “Meda, Victón e Mallada Grande”
Número de elenco: 32155282
Superficie: 1388,6 ha.
Pertenza: Comunidade de veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos.
Termo municipal: Laza
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial do convenio: **105.800,79 € a favor da Xunta de Galicia.**

2º.- Que se aprobe a rescisión do consorcio “Touza” OR-2020, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

3º.- Que se aprobe a rescisión do consorcio “Travesa” OR-2021, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

4.- Que no sucesivo o consorcio do monte “Mallada Grande e Lastredo” OR-2024, teña as seguintes características:

Nome: Mallada Grande e Lastredo.
Número de Elenco: OR-2024
Superficie: 9,5 ha.
Pertenza: Comunidades de veciños de Correchouso.
Concello: Laza
A restar da súa conta de gastos: 16.039,21 €
A restar da súa conta de ingresos: 13.116,57 €



5.- Que no sucesivo o consorcio do monte “Vectón e Cabeza do Muiño” OR-2086, teña as seguintes características:

Nome: Vectón e Cabeza do Muiño

Número de Elenco: OR-2086

Superficie: 104 ha

Pertenza: Comunidade de veciños de Matamá e Eiras.

Concello: Laza

A restar da súa conta de gastos: 119.038,20 €

A restar da súa conta de ingresos: 53.267,89 €

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2011

O director xeral de Montes



Tomás Fernández-Couto Juanas



En relación co expediente remitido pola Dirección Xeral de Montes relativo a conversión de consorcio a convenio do monte “Meda, Victón e Mallada Grande”, procedente do consorcio “Touza” OR-2020, do consorcio “Travesa” OR-2021 en parte do consorcio “Mallada Grande e Lastredo” OR-2024 e en parte do consorcio “Vecton e Cabeza do Muíño” OR-2086 da pertenza da Comunidade de montes en man común dos veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos, sito no concello de Laza (Ourense), exprésase como criterio desta asesoría xurídica o seguinte:

1.- Que o monte veciñal de “ Meda, Victón e Mallada Grande” foi clasificado como veciñal en man común o 25/03/1976, e de pertenza dos veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos. O consorcio “Touza” OR-2020, “Travesa” OR-2021, “Mallada Grande e Lastredo” OR-2024 foron realizados a través da Excma. Deputación Provincial de Ourense no ano 1948. O consorcio “Vectón e Cabeza do Muíño” OR-2086, foi realizado a través da Excma. Deputación Provincial de Ourense no ano 1955.

Segundo o Regulamento de Montes aprobado por Decreto de 22 de febreiro de 1962, configúrase o consorcio como un contrato entre a Administración e o propietario do solo de carácter administrativo.

2.- Con data, 6/6/2011, preséntase certificación da Asemblea Xeral da Comunidade do 7/11/2009, do Monte Veciñal en man común “Meda, Victón e Mallada Grande” no que se solicita transformar os actuais consorcios en convenios.

3.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.... As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común....

En todo caso aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte que haberá de ser aprobado pola Administración.

Igualmente o artigo 25 da Lei sinala que a Consallería de Agricultura daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria... . Ademais desempeñará as seguintes funcións:

Realizar convenios dirixidos a un mellor aproveitamento do monte con aquelas comunidades de veciños que así o soliciten.

4.- O Informe de data 7/06/2011 do Servizo de Montes propón o seguinte:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características:

Nome: “Meda, Victón e Mallada Grande”.

Número de elenco: 321-55282

Superficie: 1.388,6 has.

Pertenza: Comunidade de veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos

Concello: Laza

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interese sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta do novo convenio: 105.800,79 €

2º.- Que se anule o consorcio “Touza” OR-2020, por ter pasado toda a súa superficie a convenio.

3º.- Que se anule o consorcio “Travesa” OR-2021, por ter pasado toda a súa superficie a convenio.

4º.- Que no sucesivo o consorcio “Mallada Grande e Lastredo” OR-2024, teña as seguintes características:

Nome: Mallada Grande e Lastredo

Número de elenco: OR-2024

Superficie: 9,50 has.



Pertenza: Comunidade de veciños de Correchouso

Concello: Laza

A restar da súa conta de gastos: 16.039,21 €

A restar da súa conta de ingresos: 13.116,57 €

5º.- Que no sucesivo o consorcio do monte “Vestón e Cabeza do Muíño” OR-2086, teña as seguintes características:

Nome: Vectón e Cabeza do Muíño

Número de Elenco: OR-2086

Superficie: 104 Has

Pertenza: Comunidade de veciños de Matamás e Eiras

Concello: Laza

A restar da súa conta de gastos: 119.038,20 €

A restar da súa conta de ingresos: 53.267,89 €

5.- A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características:

Nome: “Meda, Victón e Mallada Grande”.

Número de elenco: 32155282

Superficie: 1388,6 has.

Pertenza: Comunidade de veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos

Termo municipal: Laza

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial do convenio: 105.800,79 € a favor da Xunta de Galicia

2º.- Que se aprobe a rescisión do consorcio “Touza” OR-2020, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

3º.- Que se aprobe a rescisión do consorcio “Travesa” OR-2021, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

4º.- Que no sucesivo o consorcio do monte "Mallada Grande e Lastredo" OR-2024, teña as seguintes características:

Nome: Mallada Grande e Lastredo

Número de elenco: OR-2024

Superficie: 9,5 has.

Pertenza: Comunidade de veciños de Correchouso

Concello: Laza

A restar da súa conta de gastos: 16.039,21 €

A restar da súa conta de ingresos: 13.116,57 €

5º.- Que no sucesivo o consorcio do monte "Vestón e Cabeza do Muíño" OR-2086, teña as seguintes características:

Nome: Vectón e Cabeza do Muíño

Número de Elenco: OR-2086

Superficie: 104 Has

Pertenza: Comunidade de veciños de Matamás e Eiras

Concello: Laza

A restar da súa conta de gastos: 119.038,20 €

A restar da súa conta de ingresos: 53.267,89 €

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de conversión do consorcio en convenio nos termos establecidos na indicada proposta, correspóndelle a sinatura do convenio ao Sr. Conselleiro

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O letrado asesor

JUAN JOSE LOIS BARCIA



SECRETARIO XERAL TECNICO. IRECCIÓN XERAL DE MONTES.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo de Montes de Ourense,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Meda, Victón e Mallada Grande"
Número de elenco: 32155282
Superficie: 1388,6 ha.
Pertenza: Comunidade de veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos.
Termo municipal: Laza
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial do convenio: **105.800,79 € a favor da Xunta de Galicia.**

2º.- Aprobar a rescisión do consorcio "Touza" OR-2020, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

3º.- Aprobar a rescisión do consorcio "Travesa" OR-2021, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

4.- Que no sucesivo o consorcio do monte "Mallada Grande e Lastredo" OR-2024, teña as seguintes características:

Nome: Mallada Grande e Lastredo.
Número de Elenco: OR-2024
Superficie: 9,5 ha.
Pertenza: Comunidades de veciños de Correchoso.
Concello: Laza
A restar da súa conta de gastos: 16.039,21 €
A restar da súa conta de ingresos: 13.116,57 €



5.- Que no sucesivo o consorcio do monte “Vectón e Cabeza do Muiño” OR-2086, teña as seguintes características:

Nome: Victón e Cabeza do Muiño

Número de Elenco: OR-2086

Superficie: 104 ha

Pertenza: Comunidade de veciños de Matamá e Eiras.

Concello: Laza

A restar da súa conta de gastos: 119.038,20 €

A restar da súa conta de ingresos: 53.267,89 €

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2011

O Conselleiro



Samuel Jesús Juárez Casado



XUNTA DE GALICIA

C O N V E N I O

N.º	321	55282
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a.....de.....de dous mil.....

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Samuel Jesus Juarez Casado, Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Josefa Sobrino Blanco como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común Meda, Victón e Mallada Grande, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do ano 1948 (OR - 2020) (OR - 2021) (OR-2024) e no ano 1955 (OR-2086) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (risqueuse, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Meda, Victón e Mallada Grande

Termo municipal: Laza Provincia: Ourense

C.M.V.M.C. - 2

Situación administrativa e legal M.V.M.C. por resolución de 25 - 03 - 1976

Límites:

N.: M.V.M.C. "Touza" de Souteliño e montes "Travesa" e "Mallada Grande" de Laza e Cimadevila

S.: Termino municipal de Castrelo do Val

L.: Monte "Mallada Grande de Eiras e monte "Cabeza do Muíño" de Eiras e Matamá

O.: Termino municipal de Monterrei

Superficie: 1.388,6 ha

Estado forestal: P. pinaster de distintas idades

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: a totalidade do existente

Sen vexetación arbórea: Servidumes: As usuais de paso

3ª.- O chan continuará pertencendo a á comunidade de veciños de Matamá, retorta e Arcucelos

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) ~~O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).~~

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue:

OR-2020 (270,6 ha) OR-2021(471 ha) OR-2024(106 ha) e OR-2086(541 ha)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural .

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o _____ 30 _____ por cento será para a Consellería do Medio Rural , e o _____ 70 _____ por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural , figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de _____ 30 _____ anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural , coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural , se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster como
como especie principal

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Luis Miquel Segovia García, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común Meda, Victón e Mallada Grande

2.—Que, así mesmo, figura Don Josefa Blanco Sobrino, e
Don Luis Sobrino Blanco, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 07/11/2013

E para que conste, expido a presente certificación Ourense
a 20 de maio de 200



Don Luis Blanco Sobrino, Secretario
de Comunidade de veciños de Matamá, Retorta e Arcucelos

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 7 NOVIEMBRE 2009 estando designado
Don Josefa Blanco Sobrino
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en RETORTA
a 7 de XULLO dous mil...

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O presidente

Asdo.: Josefa Blanco Sobrino

Asdo.: Luis Sobrino Blanco

Don Tomás Fernández Couto Juanas, Director
Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pol a propiedade,

Asdo.: Josefa Blanco Sobrino

Pol a Consellería do Medio Rural

